

Desafíos socioeconómicos do cambio demográfico

Melchor Fernández Fernández / María Celia López Penabad / Ana Iglesias Casal (Eds.)*
Universidade de Santiago de Compostela – Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

No contexto dunha Europa que comparte procesos demográficos (baixa fecundidade, traxectorias de vida prolongadas, estruturas envellecidas, novas tipoloxías de fogares, desprazamentos do medio rural ao urbano, etcétera), o envellecemento da poboación, o despoboamento e as asimetrías na distribución da poboación orixinaron grandes preocupacións e inspiraron un vivo debate político e académico durante os últimos anos. Con este monográfico, a *Revista Galega de Economía* contribúe a pór na axenda pública o debate sobre os “desafíos socioeconómicos do cambio demográfico” co obxectivo de entender mellor a magnitude do fenómeno e ofrecer información contrastada que facilite a adopción das medidas necesarias para abordalo. Un desafío multidimensional como o definido polo cambio demográfico require afrontalo tendo en conta distintas ópticas e aproximacións metodolóxicas como as que se propoñen nos artigos recolleitos nas seguintes páxinas.

O cambio demográfico é un dos maiores retos aos que se enfrontan as sociedades desenvolvidas, pero é tamén unha historia de éxito. As melloras substanciais nos servizos de saúde, o aumento na calidade de vida e a prosperidade económica incrementaron as expectativas de vida e o número de anos que se vive de maneira saudable. É evidente que unha maior esperanza de vida, combinada cunha decrecente taxa de natalidade, inverte a pirámide de poboación e anticipa un escenario de profunda transformación no funcionamento da nosa sociedade, como pon en evidencia o artigo de Paulo Mota Lourenço titulado “Solidariedade interxeracional e coidados informais: as percepcións dos nativos dixitais. Estudo de caso do Concello de Setúbal (Portugal)”. Analizar a percepción dos mozos sobre a solidariedade interxeracional e o coidado informal é imprescindible para poder realizar unha correcta planificación dos servizos sociais en áreas xeográficas onde o incremento da demanda de coidados aumenta, á vez que diminúe o número de potenciais coidadores informais.

Por outra banda, unha elevada proporción de poboación maior incrementa a taxa de dependencia, o que repercute nun maior gasto sanitario e asistencial, que é o asunto tratado no traballo de José Manuel Díez Modino e Ana Pardo Fanjul titulado “Despoboación, envellecemento e políticas sociais en Castela e León”. Neste caso, o desafío preséntase tamén como unha oportunidade. A relación de retroalimentación entre envellecemento e despoboamento, os dous principais desafíos do reto demográfico, non ten por que ser unicamente nunha dirección de reforzo mutuo. É posible, e cada vez parece máis necesario, que as políticas orientadas á atención e aos coidados das persoas maiores contribúan a paliar o problema do despoboamento. O obxectivo do seu traballo é mostrar que é preciso converter o envellecemento nun reto para combater o problema do despoboamento, especialmente a través das políticas sociais orientadas á atención das persoas maiores.

* melchor.fernandez@usc.es; celia.lopez@usc.es; ana.iglesias.casal@usc.es

Sen dúbida, unha correcta cuantificación do reto demográfico a escala local é imprescindible para lograr mellorar a situación actual e futura, e non crear infraestruturas sociais e sanitarias que nun prazo bastante breve estarán sobredimensionadas, dada a evolución actual da poboación. Por iso é tan importante contar con estimacións e proxeccións de poboación a escala local precisas e consistentes, que ademais se baseen na utilización de procedementos sinxelos e ao alcance de todos, como as presentadas no traballo de Esteban Fernández Vázquez e Fernando Rubiera Morollón que leva por título “Proxeccións de poboación para áreas pequenas: estimacións no ámbito da parroquia en cinco provincias do noroeste de España”.

Pero o desafío tamén ten importantes implicacións sobre o sistema de protección social e sobre a propia acumulación de capital humano e, polo tanto, sobre o crecemento potencial futuro. A sustentabilidade do sistema de pensións é un punto fixo do debate sobre os desafíos do cambio demográfico, como continuamente nos lembran os diferentes organismos internacionais, as institucións financeiras e os académicos, como Miguel Ángel Vázquez Taín, que no artigo titulado “Demografía e sustentabilidade do sistema público de pensións” reflexiona sobre a sustentabilidade financeira do sistema de pensións tal e como hoxe o entendemos. Os factores demográficos que condicionan o gasto en pensións teñen unha dinámica difícil de alterar, polo que resulta de interese analizar a súa incidencia sobre o gasto tanto desde unha perspectiva histórica como de proxección futura. Neste sentido, a diferente realidade demográfica de Galicia respecto do conxunto do Estado permite profundar nesta análise, centrándonos ademais nos parámetros relacionados co envellecemento co fin de valorar adecuadamente a súa incidencia sobre a sustentabilidade do sistema, pretensión última deste traballo.

O traballo de Oksana Zakharova, “Perdas de capital humano en Ucraína debido a crises demográficas, socioeconómicas e sociopolíticas, 1990-2019”, reflexiona sobre outro punto crítico relacionado co cambio demográfico: a necesidade de acumular capital humano para asegurar a prosperidade económica e social das nosas sociedades. A análise da evolución da economía ucraína permite mostrar como a acumulación de capital humano depende de maneira crucial das decisións sobre a formación das familias e da obtención dun traballo.

Un aspecto de grande importancia para Galicia, e para outras áreas de marcado carácter rural de Italia ou Portugal, é o impacto dos desprazamentos da poboación ás zonas urbanas. Unha primeira consecuencia é que o capital financeiro e mais o capital humano tenderon a concentrarse nestas áreas. No século XXI, este proceso viuse exacerbado polo movemento de persoas cara a determinados centros urbanos clave. A riqueza destas grandes áreas rurais baleiras é incalculable en termos de patrimonio, sustentabilidade e calidade de vida. Unha cuestión fundamental para estes territorios e a súa poboación é a xestión sustentable dos recursos materiais e do potencial humano. Neste contexto, que poden facer as administracións públicas para afrontar estes desafíos? Alberto Vaquero García e Virginia Losa Muñiz, no seu traballo titulado “Actuacións desde a Administración Pública para evitar o despoboamento do medio rural. Que se pode facer desde os concellos e deputacións?”, sinalan algunhas das actuacións que se poden levar a cabo polas diferentes administracións públicas, concellos e deputacións, para corrixir a situación actual de despoboamento do medio rural.

Nesta mesma liña, Luís Míguez Macho en “As medidas de mellora regulatoria como instrumento na loita contra o despoboamento do medio rural en Galicia”, no marco do proxecto de investigación titulado *Instrumentos xurídicos para a loita contra o despoboamento no ámbito rural* (DESPORU), financiado por FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, analiza as medidas de mellora regulatoria, introducidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo da última década, como instrumento na loita contra o despoboamento do medio rural en Galicia

Tomando como referencia estes traballos de carácter máis xeral, o resto do monográfico incide en análises específicas sobre a realidade sociodemográfica do mundo rural en Galicia, Portugal e Italia, presentando diferentes modelos de desenvolvemento potencial. A primeira contribución deste bloque temático é a de David Peón Pose, Xosé Manuel Martínez Filgueira e Edelmiro López Iglesias na que, baixo o título “Economía produtiva vs. residencial: factores tras a recuperación de áreas rurais en declive socioeconómico”, analiza os factores determinantes na recuperación das áreas rurais en declive

socioeconómico. Céntrandose en Galicia, e mediante un estudo empírico multivariante, obteñen evidencia da dicotomía entre “emprendemento vs. calidade de vida”.

O segundo traballo deste bloque é o realizado por María Ángeles López Cabarcos, Noelia Romero Castro e Vanessa Miramontes Viña titulado “Autonomía enerxética local e desenvolvemento rural sustentable. Análise da predisposición a participar en comunidades enerxéticas renovables”, no que se analiza o desenvolvemento rural sustentable a través da predisposición a participar en comunidades enerxéticas renovables. Con base na información recollida a través dunha enquisa nunha pequena localidade de Galicia, analizan mediante técnicas cuantitativas as características sociodemográficas e sociopsicolóxicas que determinan a predisposición a participar e/ou investir nunha comunidade enerxética renovable rural.

Pola súa banda, o traballo de Helena Martínez-Cabrera, Gonzalo Rodríguez e Hugo M. Ballesteros “Degradación das institucións sociais e usos do solo: mecanismos de retroalimentación entre forestación e condicións de habitabilidade no rural”, aborda a contribución dos usos do solo para a creación de condicións de vida nas zonas rurais, un dos principais retos socioeconómicos destas zonas, a través de 10 entrevistas con expertos en xestión forestal realizadas no ano 2016 na Mariña lucense. Os resultados confirman que a autoeficacia, o sentido de lugar ou o sentido de control subxacen na maioritaria percepción de irreversibilidade sobre a calidade de vida no rural e reducen a probabilidade de acción colectiva. Unha conclusión importante é a necesidade de considerar as percepcións da poboación no deseño de políticas efectivas de revitalización rural, elemento común cos anteriores traballos.

Nun contexto territorial e cultural similar, Maria Antónia Almeida, no traballo “O uso das zonas rurais en Portugal: perspectiva histórica e novas tendencias”, repasa as políticas públicas proteccionistas do Goberno portugués para garantir a autosuficiencia alimentaria, políticas que non puideron evitar un éxodo rural masivo, desde os anos sesenta, que provocou o despoboamento do 80% do territorio, onde vive menos do 20% da poboación total. Isto supón un cambio demográfico que presenta enormes desafíos socioeconómicos. As novas tendencias baseadas na concentración da terra e no monocultivo superintensivo tampouco parecen ser a solución. A sustentabilidade do mundo rural de Portugal, a súa paisaxe e mais a calidade de vida da súa poboación están en perigo.

Por ultimo, nun contexto territorial moi diferente, Salvatore Lampreu, no seu traballo “Estratexias de desenvolvemento territorial e turismo contra o despoboamento das áreas rurais en Sardeña (Italia)”, analiza as diferentes políticas orientadas a reforzar os principais proxectos de desenvolvemento territorial promovidos en Sardeña, e o papel do turismo na procura dun novo atractivo para as zonas rurais. Estas zonas, a pesar de seren ricas en recursos culturais, ambientais, históricos, etcétera, aínda non conseguiron explotar estes recursos con fins turísticos. Nas conclusións fanse algunhas consideracións útiles para mellorar o atractivo turístico destas zonas e, deste xeito, tentar frear o descenso demográfico.

Os resultados deste monográfico reafirman a necesidade de esixir que a estratexia para afrontar o desafío do cambio demográfico parta da investigación multidisciplinar e non sexa a suma de solucións parciais. Os “desafíos socioeconómicos do cambio demográfico” xa están na axenda pública, e a resposta debe ser transversal e multidisciplinar. Despois da lectura dos traballos deste monográfico, seguro que seguimos a ter moitas preguntas por contestar, pero non esquezamos que un éxito global non debe ser tratado como un problema senón como un desafío. A resolución dos grandes retos sociais esixe investigación interdisciplinar e a creación de pontes e vías de comunicación directa entre a investigación, a política e a práctica. A todo isto pretende contribuír o traballo da *Revista Galega de Economía*.